

### A Noitevella

Foran celebrar o fin de ano ao casarío da aldea. Aquela casa era moi vella e estaba un pouco abandonada, porque había anos que non vivía ninguén nela, pero había sitio para todos.

Pola mañá chegaran coches e máis coches, dos que baixou xente e máis xente. E bolsas e máis bolsas, cheas ata rebentar! O día pasara sen se decataren. Aos pequenos, xogando polas rúas e polos prados; aos maiores, traballando na cociña. O caso é que, á noite, conseguiran poñer unha mesa impresionante!

Cearon con fame e despois, non sen dificultades, fixeron funcionar un televisor do ano da polca. Era pequeno e en branco e negro, pero, como mínimo, serviríalles para cumprir o ritual de comer as uvas...

A punto de tocar as doce, cando xa estaban todos nerviosos e coas uvas na man, de súpeto foise a luz e quedaron ás escuras e sen televisión. O resto da aldea continuaba iluminado, pero o pobre casarío dos avós non puidera aguantar máis...

No medio da algarabía que se organizou, o avó colleu un prato e unha culler e pediu silencio. Só coa claridade que entraba polas ventás, sen mirar o reloxo, tocou as doce badaladas e os demais, obedientes, comeran as uvas ás apalpadelas. Exactamente coa última badalada, volveu a luz e o televisor bramou: Feliz aninovo!



#### 1 Responde estas preguntas sobre a historia.

■ Cando ocorre? O día de fin de ano.

■ Onde ocorre? No casarío da aldea.

#### 2 Subliña o enunciado do texto que indique se eran moitos ou poucos no casarío e completa.

Eran moitos porque non paraban de chegar coches dos que baixaba moita xente.

3 Risca as opcións que non correspondan. Como é un televisor do ano da polca?

moi antigo

moi moderno

moi pequeno

4 Subliña a opción correcta. Que pasou a noite de fin de ano?


- Prodúcese un apagamento e toda a aldea queda sen luz.
- Quedaron sen luz soamente no casarío.
- Estragouse a televisión no momento das badaladas.



5 Explica en que consiste o ritual de comer as uvas.

Consiste en comer doce uvas ao compás das doce badaladas de fin de ano, feito que fará que a persoa que as come teña prosperidade no novo ano.

6 Observa e marca. Con que badaladas comeron as uvas aquela noite?



7 Arrodea a opción correcta en cada caso.

- Cando se organiza unha algarabía?

Cando todos falan e berran á vez.

Cando todos quedan calados.

- Que dúas palabras son sinónimas de *algarabía*?

festa

discusión

rebumbio

troula

alboroto

8 Razona. Por que cres que o narrador di que o pobre casarío non puido aguantar máis?

Porque era unha casa moi vella e estaba un pouco abandonada.

# Os enlaces: preposicións e conxuncións

## LEMBRA

Os **enlaces** son palabras invariables que serven para unir palabras ou grupos de palabras entre si.

As **preposicións** son enlaces que unen palabras co seu complemento.

As **conxuncións** son enlaces que unen palabras ou grupos de palabras independentes dentro dunha oración, ou dúas oracións entre si. As conxuncións máis frecuentes son as copulativas, as adversativas e as disxuntivas.

### 1 Fíxate nas palabras destacadas e clasifícaas.

#### Os periódicos

Os periódicos son libros tristes. O papel séntese moi desgraciado **por** este oficio, **pero** el cre na reencarnación **e** espera algún día poderse converter **en** debuxo infantil **ou** avión lixeiro. A reciclaxe é a reencarnación das follas **de** periódicos.

GLORIA SÁNCHEZ,  
*O home do impermeable amarelo* (adaptación)



#### Preposicións

Por \_\_\_\_, en \_\_\_\_, de \_\_\_\_

#### Conxuncións

Pero \_\_\_\_, e \_\_\_\_, ou \_\_\_\_

### 2 Risca en cada serie a palabra que non é unha preposición.

a • con • baixo • ~~mañá~~ • contra

~~non~~ • de • mediante • deica • entre

sen • ~~gran~~ • salvo • so • segundo

en • desde • sobre • tras • ~~abofé~~

### 3 Escribe todas as preposicións anteriores ordenadas alfabeticamente.

A, baixo, con, contra, de, deica, desde, en, entre, mediante, salvo, segundo, sen,  
so, sobre, tras.

4 Arrodea un enlace en cada oración e, despois, escribe outra empregando o mesmo enlace. R. M.

- Tomou o café con pouco leite. ▶ María xogou con Xulia.
- Non nos viramos desde o verán. ▶ Veu desde Santiago.
- Estivo en Vigo a semana pasada. ▶ Foi en tren.
- A autovía pasa por Guitiriz. ▶ Pasamos pola túa casa.
- Chegou sen maleta. ▶ Fomos de vacacións sen Carlos.
- Vai escribir un libro sobre súa nai. ▶ Déixao sobre a cama.

5 Completa cada oración cun dos enlaces propostos. Despois, escribe debaixo de que tipo de enlace se trata: preposición ou conxunción.

con • pero • sen • para • ata • de • desde

- Saíu da casa sen diñeiro para a compra.  

preposición

preposición
- Ela non sabía o teléfono de Iria pero eu díxenllo.  

preposición

conxunción
- Iredes con Xoán desde o colexio ata a biblioteca.  

preposición

preposición

preposición



6 Une cada parella de oracións cunha conxunción do tipo que se indica.



- Alberte é moi divertido. Sempre está contento.

Copulativa

Alberte é moi divertido e sempre está contento.



- Non oíu o despertador. Non quixo erguerse.

Disxuntiva

Non oíu o despertador ou non quixo erguerse.



- Teño pouca la. Podo facer unha bufanda.

Adversativa

Teño pouca la pero podo facer unha bufanda.